

## 12- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A presente programación é un plan de traballo para este curso académico susceptible de ser revisado e mellorado. Así, propoñémonos en todo momento levar a cabo un proceso de reflexión crítica sobre a nosa actuación docente coa finalidade de avaliar o funcionamento de cada unidade didáctica e con vistas a melloralas no caso de non ser positivo, é dicir, dos resultados da aprendizaxe non seren óptimos. Neste proceso de autoavaliación atenderemos:

- 🎬 Ás dificultades que se lle presentaron os alumnos na posta en marcha de cada unidade.
- 🎬 Á adecuación das actividades.
- 🎬 Á actuación do profesor e a metodoloxía empregada.
- 🎬 Á idoneidade dos contidos e á súa secuenciación.
- 🎬 Ao ambiente de traballo na aula.
- 🎬 Á coherencia entre obxectivos, metodoloxía, actividades, contidos e avaliación.

Implicaremos tamén na avaliación da programación e do proceso de aprendizaxe ao propio alumnado proporcionándolle regularmente cuestionarios nos que valoren a práctica docente.